



| Guía Docente          |  |                    |                        |          |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                        | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Fundamentos de Enfermería  | Código             | 750G01107              |          |
| Titulación            | Grao en Enfermería   |                    |                        |          |
| Descritores           |  |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Grao                  | Anual  | Primeiro           | Obrigatoria            | 12       |
| Idioma                | Castelán   |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                        |          |
| Departamento          | Ciencias da Saúde  |                    |                        |          |
| Coordinación          | Sobrido Prieto, Natalia  | Correo electrónico | natalia.sobrido@udc.es |          |
| Profesorado           | Garcia Sanchez, Maria Matilde  | Correo electrónico | matilde.garcia@udc.es  |          |
|                       | Sobrido Prieto, Natalia  |                    | natalia.sobrido@udc.es |          |
| Web                   | campusvirtual.udc.gal/   |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | Co estudo de Fundamentos de Enfermería preténdese introducir ao alumno nas ciencias da Enfermería, coa intención de que sexa capaz de comprender a función principal e diferenciada da profesión enfermeira e, ao continuar os estudos de cursos superiores, integre os conceptos fundamentais e a metodoloxía de traballo das/os enfermeiras/os para o coidado do individuo e dos grupos, e relacione os problemas de saúde coas necesidades básicas do ser humano. |                    |                        |          |



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos:<br/>Non se realizan cambios nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías:<br/><br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen: todas<br/><br/>*Metodoloxías docentes que se modifican:<br/>Non se realizan cambios nas metodoloxías da materia.<br/>No caso de ter un alumno ou grupo de estudantes confinados, conectaranse á lección maxistral e seminarios por Teams e, de estar xustificado, pospoñeranse as avaliacións ata a incorporación dos mesmos.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado confinado:<br/>? Correo electrónico: De uso para facer consultas e resolver dúbidas.<br/>? Videoconferencia sesión maxistral (Teams) na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario da facultade.<br/>? Videoconferencia seminarios (Teams) na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario da facultade.<br/>? Campus Virtual: Empregarase como repositorio do material documental e para a realización de tarefas e actividades para o seguimento da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación:<br/>Non se realizan cambios na avaliación da materia<br/><br/>*Observacións de avaliación:<br/>? As diferentes actividades de avaliación continuada, de ser preciso, efectuaranse de xeito non presencial, mediante a plataforma Moodle e con soporte en directo mediante Teams.<br/>? As probas de avaliación correspondentes ás convocatorias oficiais, realizaranse de xeito presencial e, de non ser posible, faranse na modalidade virtual.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:<br/>? Disporán de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.<br/>? Engádense ligazóns web na plataforma Moodle, como bibliografía complementaria a algún contido impartido de xeito non presencial, ao que terá acceso todo o alumnado.</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A21                                 | Identificar, integrar e relacionar o concepto de saúde e os cuidados, desde unha perspectiva histórica, para comprender a evolución do cuidado de enfermaría.   |
| A22                                 | Comprender desde unha perspectiva ontolóxica e epistemolóxica, a evolución dos conceptos centrais que configuran a disciplina de enfermaría, así como os modelos teóricos máis relevantes, aplicando a metodoloxía científica no proceso de coidar e desenvolvendo os planes de cuidados correspondentes. |
| A23                                 | Aplicar o proceso de enfermaría para proporcionar e garantir o benestar, a calidade e seguridade ás persoas atendidas.  |
| A24                                 | Coñecer e aplicar os principios que sustentan os cuidados integrais de enfermaría.  |
| A25                                 | Dirixir, avaliar e prestar os cuidados integrais de enfermaría, ao individuo, a familia e a comunidade.   |
| A37                                 | Realizar as técnicas e procedementos de cuidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.   |
| B1                                  | Aprender a aprender.  |
| B2                                  | Resolver problemas de forma efectiva.   |
| B3                                  | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.   |
| B4                                  | Traballar de forma autónoma con iniciativa.   |
| B5                                  | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.  |



|     |  |
|-----|--|
| B6  | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.   |
| B7  | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.   |
| B8  | Capacidade de análise e sínteses.  |
| B9  | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.   |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas.   |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información.   |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar.  |
| B13 | Toma de decisións.   |
| B14 | Habilidades interpersonais.  |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.   |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.   |
| B18 | Desenvolver a capacidade de liderado.  |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.   |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais.  |
| B21 | Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.   |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros.  |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.  |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.                   |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                  |
| C12 | CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |  |                |
|--|-------------------------------------|--|----------------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |  |                |
| Analizar o desenvolvemento das sociedades ao longo da historia, describindo o proceso saúde-enfermidade para que, a través disto, se identifique a función de coidar nas sociedades de cada época. | A21                                 | B1<br>B5<br>B7<br>B8<br>B11<br>B12<br>B14<br>B16<br>B18<br>B19 | C3<br>C7<br>C8 |



|  |            |   |                             |
|--|------------|---|-----------------------------|
| Identificar a función diferenciada da Enfermaría e comprender a importancia do establecemento dun marco teórico propio que de sentido á actuación profesional. | A22        | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B10<br>B21<br>B22<br>B24                                  | C4<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10 |
| Comprender a evolución dos conceptos centrais da disciplina de enfermaría, así como as teorías e os modelos conceptuais máis relevantes.                       | A24        | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B11<br>B14<br>B16<br>B18<br>B20<br>B21<br>B24 | C4<br>C7<br>C10             |
| Descibir a metodoloxía científica e a súa aplicación en enfermaría. Proceso de atención de enfermaría.   | A22<br>A25 | B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B11<br>B12<br>B13<br>B21                      | C11<br>C12                  |



|   |            |  |   |
|---|------------|--|---|
| Aplicar o proceso de atención de enfermaría.  | A23        | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10<br>B11<br>B12<br>B13<br>B14<br>B15<br>B16<br>B19<br>B20<br>B21<br>B22<br>B24 | C3<br>C4<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C11<br>C12 |
| Valorar e planificar coidados básicos para a atención das necesidades fundamentais do ser humano. | A24<br>A37 | B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B10<br>B12<br>B14<br>B15<br>B16<br>B20<br>B21<br>B22<br>B24  | C3<br>C4<br>C7<br>C8<br>C10<br>C11<br>C12       |

| Contidos |          |
|----------|----------|
| Temas    | Subtemas |



|  |   |
|--|---|
| <p>HISTORIA DA ENFERMARÍA</p>                                  | <p>Tema 1. ETAPA DOMÉSTICA DOS COIDADOS DE ENFERMERÍA</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.1. Prehistoria</li><li>1.2. Civilizacións Antiguas.</li><li>1.3. Mundo Clásico: Grecia antiga, Roma</li></ol> <p>Tema 2. ETAPA VOCACIONAL DOS COIDADOS DE ENFERMERÍA</p> <ol style="list-style-type: none"><li>2.1. Inicio do Cristianismo</li><li>2.2. Alta e Baixa Edade Media</li><li>2.4. Mundo Moderno</li><li>2.5. Etapa Vocacionai en España</li></ol> <p>Tema 3. ETAPA TÉCNICA DOS COIDADOS DE ENFERMERÍA</p> <ol style="list-style-type: none"><li>3.1. Mundo Contemporáneo</li><li>3.2. Nova concepción da Enfermería</li><li>3.3. Inicio da Profesionalización do Coidado</li><li>3.4. Etapa Técnica en España</li></ol> <p>Tema 4. ETAPA PROFESIONAL DOS COIDADOS DE ENFERMERÍA</p> <ol style="list-style-type: none"><li>4.1. Profesionalización do Coidado: Ámbito de actuación</li><li>4.2. Formación enfermeira: Reforma universitaria nos 90, Espacio Europeo de Educación Superior</li><li>4.3. Campo de actuación da enfermeira profesional</li><li>4.4. Disciplina enfermeira no momento actual</li><li>4.5. Etapa Profesional en España</li></ol>  |
| <p>ENFERMARÍA PROFESIONAL. MODELOS E TEORÍAS DE ENFERMARÍA</p> | <p>TEMA 1. A ENFERMARÍA PROFESIONAL.</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.1 Concepto de Enfermería.</li><li>1.2 Campo de actuación.</li><li>1.3 Características dunha profesión.</li><li>1.4 Supostos básicos da profesión de Enfermería.</li></ol> <p>TEMA 2. FUNCIÓN DIFERENCIADA DA PROFESIÓN DE ENFERMARÍA.</p> <ol style="list-style-type: none"><li>2.1 Funcións e función de Enfermería.</li><li>2.2 O equipo de saúde. A enfermeira como membro do equipo de saúde</li></ol> <p>TEMA 3. MARCO CONCEPTUAL DA PROFESIÓN DE ENFERMARÍA.</p> <ol style="list-style-type: none"><li>3.1 Concepto de Marco Conceptual dunha profesión.</li><li>3.2 Necesidade de establecer un marco conceptual.</li><li>3.3 Elementos que o compoñen.</li></ol> <p>TEMA 4. MODELOS DE COIDADOS EN ENFERMARÍA.</p> <ol style="list-style-type: none"><li>4.1 Concepto de Modelo. Elementos dun modelo.</li><li>4.2 Necesidade da adopción dun modelo na práctica.</li><li>4.3 Criterios de clasificación dos modelos. Tendencias.</li><li>4.4 Modelos máis representativos.</li><li>4.5 O modelo de coidados de Florence Nightingale.</li><li>4.6 O modelo de coidados de Virginia Henderson.</li><li>4.7 O modelo de coidados de Dorothea Orem.</li></ol> |



## COIDADOS BÁSICOS DE ENFERMARÍA

### TEMA 1. SEGURIDAD E ÁMBITO SEGURO

1.1. Introducción.

1.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados cun ámbito seguro.

### TEMA 2. COMUNICACION

2.1. Introducción

2.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa comunicación.

### TEMA 3. ESPIRITUALIDADE E CRENZAS

3.1. Introducción

3.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa espiritualidade.

### TEMA 4. PERDIDA E DUELO

4.1. Introducción

4.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa perda e o duelo..

### TEMA 5. HIXIENE E PROTECCION DA PEL

5.1. Introducción.

5.2. Coidados de enfermaría relacionados coa hixiene e a protección da pel.

### TEMA 6. DESCANSO E SONO

6.1. Introducción.

6.2. Coidados de enfermaría relacionados co descanso e o sono.

### TEMA 7. NUTRICION E HIDRATAACION

7.1. Introducción.

7.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa nutrición e a hidratación.

### TEMA 8. ELIMINACION URINARIA

8.1. Introducción.

8.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa eliminación urinaria.

### TEMA 9. ELIMINACION FECAL

9.1. Introducción.

9.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa eliminación fecal.

### TEMA 10. RESPIRACION E CIRCULACION

10.1. Introducción.

10.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados coa respiración e circulación.

### TEMA 11. MOVERSE E ADOPTAR UNHA BOA POSTURA

5.1. Introducción.

5.2. Coidados básicos de enfermaría relacionados con moverse e adoptar unha boa postura.



METODOLOXÍA CIENTÍFICA E A SÚA APLICACIÓN EN ENFERMARÍA. O PROCESO DE ATENCIÓN DE ENFERMERIA

TEMA 1. A APLICACIÓN DO MÉTODO CIENTÍFICO EN ENFERMARÍA: O PROCESO DE ATENCIÓN DE ENFERMARÍA.

- 1.1 O Proceso de Atención de Enfermaría: orixe e historia.
- 1.2 O Proceso como método de solución de problemas.
- 1.3 Etapas do proceso de Enfermaría.

TEMA 2. PRIMEIRA ETAPA DO PROCESO DE ATENCIÓN DE ENFERMARÍA: A VALORACIÓN

- 2.1 A recollida e selección de datos. Métodos para a recollida. Fontes que achegan datos.
- 2.2 A recollida de datos a través da entrevista. A entrevista como forma de comunicación e como medio de obtención de datos.
- 2.3 A recollida de datos a través da observación. Concepto e fins da observación.

TEMA 3. SEGUNDA ETAPA DO PROCESO DE ATENCIÓN DE ENFERMARÍA: IDENTIFICACIÓN DE PROBLEMAS: O DIAGNÓSTICO DE ENFERMARÍA.

- 3.1 Análise dos datos recollidos.
- 3.2 Diagnóstico de Enfermaría. Concepto. Evolución histórica.
- 3.3 Sistemas de clasificación dos Diagnósticos de Enfermaría
  - 3.3.1 Taxonomía diagnóstica.
- 3.4 Compoñentes do Diagnóstico de Enfermaría.
- 3.5 Clasificación dos Diagnósticos de Enfermaría.
- 3.6 Formulación correcta do Diagnóstico de Enfermaría.
- 3.7 Problemas Interdependentes. Concepto. Diferenzas entre Diagnóstico de Enfermaría e Problema Interdependente.

TEMA 4. TERCEIRA ETAPA DO PROCESO DE ENFERMARÍA: A PLANIFICACIÓN DOS COIDADOS.

- 4.1 Concepto e finalidade.
- 4.2 Selección de prioridades.
- 4.3 Establecemento de obxectivos.
- 4.4 Determinación de actividades.
- 4.5 Introducción á clasificación das intervencións enfermeiras (NIC) e a clasificación de resultados de enfermaría (NOC).

TEMA 5. CUARTA ETAPA DO PROCESO DE ENFERMARÍA: A EXECUCIÓN DO PLAN DE COIDADOS.

- 5.1 A execución do planificado. Persoas que interveñen na execución do Plan de Coidados.
- 5.2 Formas de intervención da enfermeira no Plan de Coidados.

TEMA 6. QUINTA ETAPA DO PROCESO DE ENFERMARÍA: A AVALIACIÓN

- 6.1 Concepto de avaliación no Proceso de Enfermaría.
- 6.2 Elementos e aspectos da avaliación.
- 6.3 Instrumentos de avaliación. Formas de avaliación.

TEMA 7. APLICACIÓN DAS TIC Á PLANIFICACIÓN DE COIDADOS

- 7.1 A informática nos coidados de Enfermaría





| Planificación          |   |   |                         |              |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A21 A22 B16 B24 C8  | 42                                      | 105                     | 147          |
| Seminario              | A37 B1 B3 B4 B5 B6<br>B7 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B18<br>B21 B22 C3 C6 C7<br>C10 C11 C12                          | 29                                      | 58                      | 87           |
| Lecturas               | A21 B1 B3 B4 B8 B11<br>B16 B19 B20 B21 C3<br>C6 C7 C8   | 0                                       | 24                      | 24           |
| Estudo de casos        | A23 A24 A25 B1 B2<br>B3 B4 B5 B6 B7 B8<br>B9 B10 B11 B12 B13<br>B15 B16 B19 B21<br>B22 B24 C4 C6 C7<br>C8 C10 C11 C12 | 11                                      | 22                      | 33           |
| Proba mixta            | A24 A25 B2 B3 B8 B9<br>B12 B13 C11  | 5                                       | 0                       | 5            |
| Presentación oral      | A21 A22 B3 B7 B8<br>B14 C10   | 2                                       | 0                       | 2            |
| Atención personalizada |   | 2                                       | 0                       | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías      |   |
|-------------------|---|
| Metodoloxías      | Descrición  |
| Sesión maxistral  | Exposición oral realizada por parte do profesor e aberta á participación do alumno, que será complementada coa utilización dos medios audiovisuais necesarios.  |
| Seminario         | Traballo en grupo a través da participación e discusión para o estudo dos diferentes aspectos relacionados coa materia.<br><br>O material básico necesario facilitarase durante o desenvolvemento destes.   |
| Lecturas          | Afondamento na materia mediante textos de diferentes fontes documentais escollidos e seleccionados previamente polo profesor.<br><br>Actividades deseñadas ao longo do proceso de aprendizaxe e resolución de exercicios de autoavaliación, baseados nos contidos da materia.   |
| Estudo de casos   | Estudo, resolución e posta en común ante determinadas situacións de saúde/enfermidade mediante a utilización da metodoloxía científica enfermeira (proceso de atención de enfermaría).  |
| Proba mixta       | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br><br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Inclúiranse tamén resolucións de casos clínicos. |
| Presentación oral | Actividade baseada na exposición oral, onde se produce unha interacción ordenada entre docente e estudante, expondo cuestións que o alumno deberá responder, de forma oral, podendo así valorar o seu proceso de aprendizaxe e o coñecemento que posúe da materia, así como a capacidade de razoamento, espírito crítico, capacidade de síntese e de relación sobre os contidos do programa.                    |

**Atención personalizada**



| Metodoloxías                 | Descrición  |
|------------------------------|---|
| Seminario<br>Estudo de casos | <p>A atención personalizada, que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo, onde interactúa o alumno co profesor.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> |

| Avaliación        |   |  |               |
|-------------------|---|--|---------------|
| Metodoloxías      | Competencias / Resultados                             | Descrición   | Cualificación |
| Lecturas          | A21 B1 B3 B4 B8 B11<br>B16 B19 B20 B21 C3<br>C6 C7 C8 | Actividades deseñadas ao longo do proceso de aprendizaxe e resolución de exercicios de autoavaliación, baseados nos contidos da materia.   | 10            |
| Presentación oral | A21 A22 B3 B7 B8<br>B14 C10                           | Actividade baseada na exposición oral, onde se produce unha interacción ordenada entre docente e estudante, expondo cuestións que o alumno deberá responder, de forma oral, podendo así valorar o seu proceso de aprendizaxe e o coñecemento que posúe da materia, así como a capacidade de razoamento, espírito crítico, capacidade de síntese e de relación sobre os contidos do programa.                 | 10            |
| Proba mixta       | A24 A25 B2 B3 B8 B9<br>B12 B13 C11                    | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br><br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Inclúranse tamén resolucións de casos clínicos. | 80            |

#### Observacións avaliación



## ASPECTOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN:

### LECTURAS

As actividades deseñadas ao longo do proceso de aprendizaxe e a resolución de exercicios de autoavaliación, establécense como mecanismos de avaliación continua, polo que non son de carácter obrigatorio.

No caso de que o estudante non as realice, non obterá a porcentaxe correspondente e por tanto non se sumará ás das outras metodoloxías establecidas dentro da materia. Esta situación será de aplicación tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Supón o 10% da nota final da materia (máximo 1 punto)

### PRESENTACIÓN ORAL

Esta metodoloxía establécese como mecanismo de avaliación continua, polo que non é de carácter obrigatorio.

No caso de que o estudante non a realice, non obterá a porcentaxe correspondente para sumar ás outras metodoloxías establecidas dentro da materia. Esta situación será de aplicación tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Supón o 10% da nota final da materia (máximo 1 punto)

### PROBA MIXTA

A realización e superación da proba mixta é obrigatoria para superar a materia.

A Proba Mixta considerárase superada cando se alcance o 50% da cualificación máxima outorgada á devandita proba.

Supón o 80% da nota final da materia (máximo 8 puntos)

### PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

A avaliación anteriormente descrita é a PROGRAMADA para todos os alumnos con MATRICULA COMÚN que se presenten á primeira oportunidade.

As cualificacións obtidas na avaliación continua (Lecturas e Presentación Oral) só se aplicarán cando a Proba Mixta sexa superada. En caso contrario, non se computarán, figurando como cualificación final da materia, unicamente a obtida na Proba Mixta.

As probas superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade, coa cualificación obtida.

### SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Para a Segunda Oportunidade aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que os descritos na Primeira Oportunidade.

### MATRÍCULA PARCIAL:

Os alumnos de MATRICULA PARCIAL poderán optar por examinarse por escrito en primeira e segunda oportunidade nun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade, onde se aplicarán as porcentaxes relativas a cada parte do contido da materia.

### DISPENSA ACADÉMICA:

De acordo á normativa da UDC, admítese dispénsaa académica nesta materia.

### OPORTUNIDADE ADIANTADA:

Os alumnos que soliciten OPORTUNIDADE ADIANTADA deberán examinarse por escrito a través dun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade.

### MATRÍCULA DE HONRA:

Os estudantes que desexen optar a matrícula deberán cumprir os seguintes requisitos:

? Obter unha nota media superior a 9,5 na cualificación final da materia.

Tras a aplicación do criterio establecido, a decisión final quedará supeditada á consideración das profesoras da materia.

### FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS:

Segundo o establecido na normativa da UDC:

1.- Se durante a realización dunha proba de avaliación os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudantes ou un comportamento impropio, procederáse á expulsión inmediata do estudante da proba de



avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor.

2.- Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, despois de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro.

3.- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.

4.- Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

"A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para convocatoria extraordinaria"



## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Donahue, Patricia M. (1988). Historia de la enfermería. Barcelona: Doyma</li> <li>- Nightingale, Florence (2011). Notas sobre enfermería : qué es y qué no es. Barcelona : Elsevier Masson</li> <li>- Siles, José (2011). Historia de la enfermería. Madrid: Difusión Avances en Enfermería</li> <li>- María Luisa Martínez Martín, Elena Chamorro Rebollo (2017). Historia de la Enfermería : evolución histórica del cuidado enfermero. 3ª edición. Barcelona: Elsevier</li> <li>- Alligood, Martha Raile (2018). Modelos y teorías en enfermería. 9ª edición. Madrid : Elsevier Science</li> <li>- Fernández Ferrín, Carmen (2000 (2003 reimp.)). Enfermería fundamental/Colección Master de Enfermería. Barcelona : Masson</li> <li>- Kozier y Erb (2013). Fundamentos de enfermería : conceptos, proceso y práctica. 9ª edición. Madrid : Pearson Prentice Hall</li> <li>- NANDA Internacional (2021). Diagnósticos enfermeros : definiciones y clasificación : 2021-2023. Barcelona: Elsevier</li> <li>- (). Híades : revista de historia de la enfermería. Alcalá de Guadaíra: Grupo Andaluz para la Investigación de la Historia de la Enfermería. Qalat Cháb</li> <li>- (). Metas de Enfermería. Ribarroja (Valencia): Difusión Avances de Enfermería</li> <li>- (). Revista Rol de enfermería. Barcelona : Ediciones Rol</li> <li>- (). Enfermería clínica. Ámsterdam : Elsevier Science Direct</li> <li>- (). Enfermería Global. Murcia: Universidad de Murcia</li> <li>- (2015). Herramienta online para la consulta y diseño de Planes de Cuidados de Enfermería. [Internet]. NNNConsult. Elsevier</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>A bibliografía considerada como complementaria para o estudo desta materia facilitaráselle ao alumno a medida que se aborden cada un dos temas do programa, a través da plataforma Moodle.</p>   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Anatomía/750G01001

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004

Fisioloxía/750G01105

### Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Practicum/750G01032

Enfermaría Clínica I/750G01034

Enfermaría Clínica II/750G01035

## Observacións

Recomendacións para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":&nbsp;1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos&nbsp;2.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais3. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDADE Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA:Todas as actividades presenciais realizaranse con asentos preasignados, máscara e ventilación. No estará permitido o consumo de alimentos e bebidas, asegurando que se cumpran as medidas de prevención e hixiene da Facultade, establecidas e publicadas en: <https://udc.es/es/fep/coronavirus/>No caso de que o grupo de docencia maxistral chegue a superar as indicacións do aforo da aula estableceranse grupos rotatorios de docencia híbrida, onde os estudantes que non caiban na aula seguirán esa semana a docencia de forma telemática e á seguinte de forma presencial, sendo outro grupo o que a realice de forma telemática, segundo planificación establecida polo docente da materia.



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías